

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para o 4º curso de Educación Primaria e ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 4º de EP (8 - 9 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a ser capaces de diferenciar os cambios que se producen na súa contorna.

Esta programación está deseñada para o alumnado de 4º nivel de Primaria do CEIP de Roxos, no concello de Santiago de Compostela. No presente curso escolar 2023-2024 escolarízanse neste centro uns 300 alumnos e alumnas, pertencentes na súa maior parte á área de influencia do colexio, ánda que tamén acolle alumnado dos concellos de Ames, Teo, Brión...

O colexio atópase nunha zona rural do concello, ánda que moi vinculada á cidade: a maioría das familias desenvolve o seu traballo en Santiago e alí realizan tamén as actividades comerciais e as relacionadas co ocio. Moitas das actividades extraescolares organizadas ao longo do curso teñen lugar na cidade de Santiago: concertos, visita a Meteogalicia, visita á zona histórica... de xeito que ter a cidade de Santiago tan próxima é un elemento moi favorecedor á hora de coñecer determinados aspectos artísticos e da contorna. A situación do centro permiténdonos aproveitar os recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de monte, zonas verdes, así como un pequeno estanque que se atopa moi preto do colexio. Nas instalacións do centro existe unha horta escolar e un pequeno invernadoiro. Tamén contamos coa cidade de Santiago como referente cultural, coa súa riqueza arquitectónica, artística e histórica, como xa se mencionou.

O nivel socio-económico das familias, en xeral, é medio-alto, algo máis evidente nas familias que se instalaron na zona nos últimos anos. En moitas delas algún dos proxenitores (ou os dous) son funcionarios (da Xunta, do Concello, da sanidade), profesores da Universidade, profesionais liberais. Nas familias orixinarias da zona de Roxos son frecuentes os traballos como funcionarios/as, empregadas de fogar, persoas que se dedican á construcción, ao transporte...

No presente curso escolar existen dous grupos de 4º de Primaria: 4º A con 24 alumnos/as e 4º B con 25 alumnos/as. É preciso sinalar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias Sociais e ao longo do curso agárdase que o alumnado sexa capaz de empregar recursos dixitais, aplicar o método científico, resolver problemas cooperativamente, identificar os elementos do medio, practicar hábitos de vida sostibles, comprender a continuidade e cambios ao longo do tempo histórico, recoñecer a diversidade e a igualdade de xénero e participar na vida social dun xeito acorde á súa idade.

Isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, 2 unidades en cada trimestre.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Alerta climática	Estudarase a atmosfera e as súas capas, o tempo atmosférico, o ciclo da auga, os tipos de precipitacións, a predición do tempo, os climas de España e accións para o coidado da atmosfera.	17	12	X		
2	Todo suma	Os contidos desta unidade son os relacionados coa auga na Terra, o movemento da auga, as partes dun río, os principais ríos de España, a auga e as catástrofes naturais, así como accións que contribúen a coidar a auga.	17	12	X		
3	Adentrándonos na terra	Analizaremos como se formou o relevo, as formas do relevo, o relevo de España, os minerais e as rochas e o seu uso e normas para aprender a coidar as montañas.	17	12		X	
4	Patrulla verde	Nesta unidade aprenderase que é un municipio, funcións e servizos que presta o Concello, as Comunidades Autónomas, o Estatuto de Autonomía e as institucións de Galicia, a importancia das leis, os medios de transporte e como coidar o lugar onde vivimos.	16	12		X	
5	Habitantes do mundo	Estudarase por que cambia a poboación, como se clasifica a poboación, a poboación de España, o sector primario (alimentos e materias primas), o sector secundario (producción de bens) e o sector terciario (servizos); ademais, veranse accións que poidan axudar ás persoas máis desfavorecidas.	17	11			X
6	Habitantes do pasado	Nesta última unidade coñecerase que é a Prehistoria, como se vivía no Paleolítico, no Neolítico e na Idade dos Metais; a Idade Antiga (os pobos da Península Ibérica), o Imperio Romano, as cidades de Hispania; Galicia: Prehistoria e Idade Antiga; o legado dos romanos e como coidar o patrimonio cultural.	16	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Alerta climática	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características da atmosfera, as súas capas. Definir os elementos do tempo atmosférico e identificar os elementos para medilo e predicilo. Describir o ciclo da auga. Definir o significado de clima e os elementos que o condicionan. Coñecer os principais climas de España.	PE	45
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos que condicionan o ciclo da auga. Identificar os elementos que definen os diferentes climas.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles soluciones e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar accións relacionadas co coidado da atmosfera e coa prevención do cambio climático.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Expresar de forma coherente preguntas e comentarios relacionados co tempo atmosférico. Interpretar os elementos do tempo atmosférico.	TI	55
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Coñecer e empregar axeitadamente o léxico relacionado coa atmosfera e o clima.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertividade e empatía.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna.</li> <li>- As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia.</li> <li>- Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial.</li> <li>- O cambio climático. Introdución ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación.</li> </ul>

## Contidos

- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a producción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
2	Todo suma	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar a hidrosfera e as súas características. Coñecer a definición dun río e as súas partes. Identificar os principais ríos de Galicia e de España.	PE	45
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar accións humanas que afectan á hidrosfera.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, proponer posibles soluciones e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, correspondencia e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais relacionadas coa hidrosfera e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicciones razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Expresar de forma coherente preguntas e comentarios relacionados coa hidrosfera.	TI	55
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizando en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Coñecer e empregar axeitadamente o léxico relacionado coa hidrosfera e as partes dun río.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándolas correctamente.	Realizar experimentos sinxelos relacionados coa auga.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertividade e empatía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a producción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Adentrándonos na terra	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Coñecer e empregar axeitadamente o léxico relacionado co relevo terrestre, os minerais e as rochas.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Coñecer as principais formas de relevo e a súa formación. Identificar as principais formas de relevo de Galicia e de España. Interpretar nun mapa os elementos os elementos que representan o relevo. Identificar minerais e rocas, así como as súas características e algúns dos seus usos.	PE	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Expresar de forma coherente preguntas e comentarios relacionados co relevo terreste.	TI	55
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertividade e empatía.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer relacións entre as diferentes formas de relevo e o establecemento da poboación nun lugar. Identificar algúns tipos de rochas empregadas en monumentos históricos.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, reconecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Recoñecer a trascendencia das accións humanas na modificación do relevo.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas reconecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.	- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Patrulla verde	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer que é un concello, a súa composición, funcións e servizos que presta. Coñecer as normas básicas do sistema electoral. Situar no mapa as Comunidades Autónomas. Identificar as principais Institucións de Galicia. Valorar o Estatuto de Autonomía e a Constitución.	PE	45
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicciones razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e expresar comentarios pertinentes relacionados coa organización social de Galicia e de España.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información en diferentes fontes sobre a organización territorial de Galicia e España.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertivididade e empatía.	TI	55
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.</li> <li>- A organización política e territorial de España.</li> <li>- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios.</li> </ul>

## Contidos

- Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Habitantes do mundo	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Recoñecer e utilizar vocabulario relacionado coa poboación e os sectores económicos.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Identificar os factores que inciden na poboación. Localizar as zonas más poboadas de España. Diferenciar os diferentes sectores económicos, segundo as funcións que realizan.	PE	45
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Participar na clase con preguntas ou intervencións pertinentes, relacionadas co tema da poboación e os sectores económicos.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertividade e empatía.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. Relacionarse de forma respectuosa e cordial con persoas do outro sexo. Recoñecer achegas realizadas polas mulleres en cada un dos sectores económicos.	TI	55

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreproducción.
- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na

## Contidos

- contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	Habitantes do pasado	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as noções de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar as principais etapas da Prehistoria, a súa liña temporal, as súas características e as pegadas que deixaron na nosa contorna.	PE	45
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer como se formou o imperio romano. Comprender o proceso de romanización e o seu legado na nosa civilización.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar información en Internet relacionada coas principais etapas da Prehistoria e os avances conseguidos en cada unha delas.	TI	55
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural más próximo, facendo preguntas e intervencións orais pertinentes.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información en Internet relacionada coas principais etapas da Prehistoria, as características e os avances conseguidos en cada unha delas.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Relacionarse co resto das persoas amosando actitudes de respeito, assertividade e empatía.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. Identificar algunas mulleres que fixeron aportacións á Humanidade en diferentes campos do saber e/ou da cultura		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Recoñer a importancia do patrimonio natural e cultural. Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilitem o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> <li>- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).</li> <li>- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.</li> <li>- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoo na época correspondente.</li> <li>- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.</li> </ul>

#### **4.1. Concreciones metodolóxicas**

Tentarase levar a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo, por parellas e tamén traballo individual.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a comprensión dos novos coñecementos.
- Ambiente de traballo tranquilo para evitar a inhibición e facilitar a participación e implicación de todo o alumnado nas tarefas propostas.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.

- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.  
 - Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.  
 - Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta más seguro.  
 A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (contaminación, hábitos saudables, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, proponer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacions presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional, permitindo a expresión oral dos seus coñecementos e experiencias relacionadas cos temas a tratar en cada momento.
- As explicacións dos/as docentes irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais, cando sexa posible.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa (cando sexa posible) e contextualizada, achegando o alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de pequenas investigacións relacionadas, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas más próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras más complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións más empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluir novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

Na medida do posible, exemplificaranse cada un dos conceptos con exemplos moi próximos e coñecidos polo alumnado coa finalidade de espertar o interese do alumnado e de facer que as aprendizaxes sexan significativas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Libro de texto Editorial Vicens Vives
Ordenador de aula e pantalla dixital.
Material funxible (cartolinhas, folios, pinturas, témporas, ...)

Ordenadores portátiles para o alumnado.

Recursos bibliográficos (biblioteca)

Mapas e planisferios.

Globo terráqueo

Aula virtual do centro

Libreta ou caderno.

Google Earth na pantalla dixital da aula.

Liveworksheets.

Saídas fóra do colexio.

Empregaremos unha variedade de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplio abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado e que ao mesmo tempo sexa unha aprendizaxe significativa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, se se incorpora alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recolle información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollerse información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto á súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Ao comenzo de cada unidade didáctica, de forma oral, farase unha revisión dos coñecementos do alumnado sobre os contidos que se van tratar.

- Comprobación se o alumnado le cunha certa fluidez e comprende textos relacionados coas Ciencias; trátase de avaliar a competencia lingüística aplicada á área, nos seus diferentes aspectos: comprensión lectora, vocabulario, expresión escrita...

A partir da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	45	45	45	45	45	45	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	55	55	55	55	55	55	<b>55</b>

## Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos, como mínimo, unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos o traballo no caderno de clase, outras tarefas e fichas realizadas, as exposicións de pequenos traballos de investigación, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia, o respecto polos compañeiros e compañeiras, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución das tarefas. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do M ao MB como posible resposta.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliação terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 45%

Táboa de indicadores: 55%

A cualificación da avaliação final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1<sup>a</sup> avaliação x 0.35 + nota 2<sup>a</sup> avaliação x 0.35 + nota 3<sup>a</sup> avaliação x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

## Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos, na medida do posible, ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é unha boa maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo-clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno/a en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

O reforzo educativo realizaase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra/e especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliação inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de Avaliación que se avalie tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoyo Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial e a observación directa durante as primeiras semanas do curso axudará a escollear a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Cómpre lembrar que nos cursos pares o alumnado pode permanecer un ano máis no nivel correspondente, se o equipo de ciclo o estima pertinente.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación, por un lado as medidas ordinarias e por outro as medidas extraordinarias; estas últimas poñeranse en funcionamento unha vez esgotadas as medidas ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación da programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Cando o equipo de Orientación realice as valoracións solicitadas a comezo de curso e as que poidan xurdir ao longo do curso valorarase a pertinencia da intervencións do profesorado de PT e/ou AL, dentro ou fóra da aula e durante as sesións que a súa dispoñibilidade horaria e a organización do centro o permitan.

Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades ou daquel que executa as tarefas con rapidez e eficacia.

Entre as medidas extraordinarias podemos mencionar: (neste curso escolar, non hai ningún alumno/a en 4º), agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como atención ao alumnado que non poida acudir ao centro educativo durante varias semanas por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
  - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
  - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
  - Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos. Tamén poden desenvolver tarefas que estimulen outras funcións, como a atención, a memoria visual, o vocabulario....
- En todo caso intentarase:
- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
  - Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
  - Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	X
ET.4 - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			
ET.6 - Emprendemento				X	X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X			X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.				X	X	
ET.14 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito no labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertenecen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que, de xeito globalizado, se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos, a igualdade entre homes e mulleres, estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Xirimabao	Visita e actividades lúdicas no parque do Xirimabao (concello de Teo)	X		
Visita ao Museo de Historia Natural	Visitaremos no primeiro trimestre o Museo de Historia Natural de Santiago	X		
Educación Vial	Actividade de Educación Via impartida pola Policía Local de Santiago	X		
Conmemoración do día Internacional da Muller	Realización de murais sobre mulleres destacadas na historia local		X	
Visita á fábrica de CLUN (Negreira)	Visita á fábrica de envasado de leite de CLUN (Negreira)		X	
Museo do Pobo Galego	Visita guiada polo Museo do Pobo Galego			X
Excursión de fin de curso	Excursión a un parque lúdico, aínda sen determinar			X

**Observacións:**

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais explicitados?
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades e probas segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Outros
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas e probas propostas?
Infórmase ao alumnado dos errores cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?

**Descripción:**

Cando falamos de evaluación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a evaluación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de evaluación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de evaluación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes ítems estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdotico de cada unha das Unidades Didácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, evaluación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha evaluación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algúna modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na Memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, evaluación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas. Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumplir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte evaluación ou, se estamos na última evaluación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber por que non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da evaluación do alumnado e, en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

## 9. Outros apartados

### 1. Lecura, expresión escrita e atención

Parte do alumnado de 4º nivel presenta pouca fluidez lectora e dificultades na entoación, especialmente en Lingua Galega, lingua na que se imparte Ciencias Sociais. Isto, xunto co vocabulario específico desta área, fai que parte do alumnado non sexa autónomo para realizar as actividades ou que necesiten axuda á hora de estudar. Estes aspectos reflíctense na expresión escrita e na expresión oral.

Ao anterior hai que engadir a escasa atención que é capaz de manter unha boa parte do alumnado: só manteñen a atención en tempos moi limitados ou con actividades moi puntuais; mesmo amosan desinterese por vídeos educativos relacionados cos temas que se están estudiando e que complementan as explicacións da clase. É un tema que nos preocupa e que temos comentado nas reunións coas familias, pero ao que non lle atopamos solución.

### 2. Horario Sociais/Naturais

Desde hai uns anos decidiuse no equipo de ciclo impartir unha unidade dunha destas materias ata rematala, empregando as horas do horario semanal de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. Ao rematar a unidade, empézase unha unidade da outra materia, de xeito que se van alternando unha unidade de Ciencias Naturais e unha de Ciencias Sociais. As familias foron informadas deste cambio, que foi ben acollido, tamén por parte do alumnado. Evítanse interferencias nos contidos das materias e a sobrecarga das mochilas, pois o alumnado só ten que levar o material dunha delas.